

IN WATER

Hong Sangsoo, 2023

1336

ESTREA EN NUMAX: 17.07.2024 | V.O.S.G. | +7 | 61 min

Na paradisíaca illa de Jeju, un actor mozo, Seoungmo, decide poñer a proba a súa creatividade dirixindo unha curtametraxe coa axuda de dous antigos compañeiros de clase: Namhee será a actriz protagonista e Sangguk encargarse da fotografía. Mentres deambulan pola costa en busca de inspiración, Seoungmo albisca unha muller na praia e achégase a falar con ela. Este singular encontro e unha lonxana canción de amor vano inspirar na rodaxe do seu filme.

«Hong asina unha xenialidade: o primeiro filme desenfocado da historia»

Luis Martínez, EL MUNDO



Transformar un problema nunha idea

Por Diego Lerer

Como un dos novos desafíos formais e temáticos que son case parte da súa historia como cineasta, Hong decidiu filmar unha película fóra de foco. Si, así como soa. Non traten de limpar os seus anteollos ao comezar a película nin pensen que necesitan ver un oculista. Hong decidiu filmar este conto sobre un actor convertido en novato director de cinema, un camarógrafo claramente amateur e unha moza pero xa recoñecida actriz desenfocando todas e cada unha das escenas, agás unha: a segunda, a que ten lugar no interior dunha pequena casa que alugan para a rodaxe. Esa si está en foco, como para que non queden dúbidas ao espectador que non ten que saír correndo a zoscarlle ao proxeccionista. Se esa escena non o deixa claro están os subtítulos que, por sorte, si están en foco.

A elección é un pouco molesta e conspira contra o drama que se vai armando entre os tres protagonistas cuxos rostros terminan sendo un tanto indescifrables. Pero á vez o formato outorga imaxes de pictórica beleza ao filme, próximas a un cadro impresionista, algo que disfraza tamén o formato dixital co que se fixo. Ao filmar deste xeito, Hong transforma un problema nunha idea, unha limitación nunha estética. A outra explicación é máis simple: é, despois de todo, unha película sobre un par de cineastas amateurS que non teñen moita idea de como se manexa unha cámara.

A trama é puro Hong. O director, o camarógrafo e a actriz vanse á illa Jeju coa idea de filmar unha curta sen un guión terminado. Polo medio xorden celos, incomodidades e problemas entre os tres. O director empeza a mirar con certo receo a relación que se establece entre o camarógrafo e a actriz, que é amiga súa pero agora parece máis pendente do que fai e di o seu amigo. Dá a sensación, véndoos, que hai unha crecente tensión entre eles que nunca se verbaliza do todo. E que o director atravesa un momento de crise na súa vida. Entre comidas e bebidas, camiñadas pola praia, palabras, procura de localizacións, unha conversa cunha muller que recolle o lixo que a xente tira na praia e o que parece ser un pesadelo nocturno da actriz, *In Water* vai construíndose a si mesma como película.

Dito doutro xeito: a primeira parte vai conformando o guión dalgunhas escenas que os protagonistas filmarán na segunda. Trátase dun modo que o propio Hong adoita usar no seu cinema, escribindo as películas ás veces o día anterior ou o mesmo día no que as vai filmar a partir de experiencias e situacións vividas no momento. Dalgunha maneira, os realizadores da ficción aquí funcionan como o fai el na vida real.

Teño a sensación de que *In Water* é un exercicio de estilo, aínda máis que outras películas de Hong, e que quedará como algo relativamente menor na súa filmografía, un ensaio formal, un xogo entre amigos seguramente feito (case todos os créditos son seus) en moi poucos días cun equipo non moito maior ao que vemos na ficción. De todos os xeitos, a rara decisión pictórica de filmar fóra de foco dálle unha orixinalidade que algúns verán como afectación e outros como un simpático desafío.